

PREFACIO

A publicación desta viaxe pola nosa literatura de Novecentos, que comezou co volume dedicado a *Os eidos*, de Novoneyra, e *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio, continuou cos que tiveron por obxecto *De catro a catro*, de Manoel-Antonio e *O incerto señor don Hamlet*, de Cunqueiro, conclúe agora coa análise doutras dúas obras maiores: *Na noite estrelecida*, de Ramón Cabanillas, e *Arredor de si*, de Ramón Otero Pedrayo. Todos eles compón a serie que designamos cun nome inequívoco: *Un modo de ler*.

É xusto gabar o valor da editora Laiomento, exemplarmente representada nas figuras de Francisco Pillado e de Afonso Ribas, e o esforzo que supuxo teren publicado todos volumes desta tan apaixonada canto longa auscultación no ser íntimo do noso literario. Reciban eles o testemuño da miña gratitude e, no caso do inesquecibel Pillado, a homenaxe que merece.

Mesmo se as lecturas que presentamos teñen plena autonomía, remitimos á explicación do deseño xeral da obra na introdución do *Novoneyra/Celso Emilio*: a descrición da estrutura dos volumes (o xogo lectura/tópicos, onde este termo é empregado no sentido de 'lugar común', varias veces visitado), as nosas opcións metodolóxicas (acaso intempestivas), a constante preocupación por facer chegar ao público a lectura como experiencia (en defensa consciente da actualidade da literatura), alén doutros aspectos de forma, p.e., o porqué das convencións de cita utilizadas. Ao ficar completa a serie, os índices analíticos permiten agora o percorrido transversal de todos os textos.

Como aconteceu cos outros volumes, o lector pode deseñar os seus propios percursos de lectura. Porén, o autor aconsellaría, no caso de Cabanillas, comezar polos «Tópicos» e continuar co comentario do texto, de forma que na súa lectura resoe toda a espesura cultural convocada por

esa «noite estrelecida». A análise comparativa co filme *Excalibur*, que pon o ramo a esa sección, é unha adecuada sobremesa.

Con *Arredor de si* tórnase, pola contra, máis recomendábel a lectura de principio a final, con eventual consulta, se for preciso, do apéndice, onde se esclarecen algúns conceptos utilizados na análise. Deste modo, a obra non parará de medrar perante os ollos do lector e comprenderase que Otero sentise por ela unha especial predilección.

As poucas abreviaturas utilizadas son de significado evidente: c. quere dicir «circa»; esp., «especialmente»; i.e., «isto é»; p.e., «por exemplo»; pp. é plural de p., «páxinas», por tanto; s.p. vai por «sen paxinación»; ss., «seguintes»; s.v. está por «sub voce», en romance «na entrada» a continuación mencionada do dicionario de que se trate; t. é «tomo»; reed. úsase para abreviar «reedición»; trad., «tradución»; v.g. é o latino «verbi gratia» ou «por exemplo»; vs. está por «versus», digamos «contra» e, en fin, vv. quere dicir «versos».

As traducións realizadas sobre textos en inglés, francés, e alemán son do meu coidado. O índice de autores citados que segue ao índice analítico non é un índice de nomes e non figuran nel os responsábeis da tradución ou edición dos textos, agás que sexa citada unha introdución ou traballo crítico ligado ao labor de edición, ou haxa problemas coa fixación do texto. Facer un índice de obras citadas pareceume desnecesario e optei, entón, por converter a presenza das obras en referencias aos autores, cando se dá o caso de unha mención da obra non ir acompañada pola do seu responsábel primeiro.

ÍNDICE

Prefacio 9

NA NOITE ESTRELECIDA

Lectura

Título	14
«Caerleón, a cibdade das pedras milenarias»	14
«Mediáu a noite sagra... / e o xentío...»	22
«É o povo que levado das iras do Destiño»	25
«Mediáu a noite sagra... / e fulxe baixo a neve...»	30
«Pol-os longos vidrales e os outos rosetóns»	30
«Toda luz de miragro e pregante rumor»	35
«Estalan con balbordo de trunfadores hinos»	36
«A bradar sai do tempro a grea relixiosa»	37
«N-un nimbo lumioso surde o bardo adiviño»	39
«É Merlín o profeta, o celta armoricán»	42
«Impoñente, amostrando nativa maxestade»	45
«Ergueito como o pino que as outas nubes fende»	50
«Baixo a dozura do ceo»	53
«Amada dos vellos dioses»	57

Tópicos

Tópico 1: <i>O mito céltico</i>	60
Tópico 2: <i>Celtismo, cristianismo</i>	63
Tópico 3: <i>A teleoloxía da empresa celto-cristiá</i>	64
Tópico 4: <i>O espazo-tempo nas Sagas</i>	68
Tópico 5: <i>Galiza nas Sagas, a demanda do centro</i>	71
Tópico 6: <i>A divina man da saudade</i>	75
Tópico 7: <i>O misterio do graal, o misterio das Sagas</i>	84

Apéndice: *Excalibur/Na noite estrelecida*..... 91

ARREDOR DE SI

Lectura

Capítulo I	115
Fragmentos do capítulo V	145
Fin do capítulo XIII	158
Capítulo XIV	160
Capítulo XV	197

Tópicos

Tópico 1: <i>«Arredor de si» e a autoconsciencia</i> <i>do grupo «Nós»</i>	244
Tópico 2: <i>O narrador</i>	247
Tópico 3: <i>A terra, a nai.....</i>	259
Tópico 4: <i>«Nosa Señora das Labercas»</i>	269

Apéndice: <i>Algúns conceptos utilizados na análise</i>	281
---	-----

Índice analítico	311
------------------------	-----

Índice de autores citados	335
---------------------------------	-----

Bibliografía citada.....	339
--------------------------	-----